




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corme e Laxe. Municipio: Ponteceso. Parroquias: San Tirso de Cospindo. Extensión: 1,37km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada e saínte redondeado de cantís convexos e potentes, nos que unha parede rochosa de inclinación variable dá paso a vertentes baixas de pendente notable e ladeiras superiores máis tendidas e con inclinación regular. As cimas, próximas á liña de costa, acadan os 100m no sector norte e os 250m no sur. No extremo meridional, no Monte da Facha, o perfil vírase máis abrupto, con parede e vertente inferior case verticais e vertente superior facendo de teito e practicamente aplanada.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente modelada no granito hercínico "Tipo Laxe", de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Temperatura media anual maior de 14°C e oscilación térmica que varía entre 12,5°C e 13,5°C. No tocante ás precipitacións rexístranse valores acumulados ao longo do ano entre 1200mm e 1400mm.

OS SOLOS

Toda a unidade presenta cambisols dístricos, resultado da escasa profundidade do rochedo e a existencia de pendentes notables.

AS AUGAS

O relevo acantilado desta unidade limita o desenvolvemento da rede de drenaxe. As pequenas valgas que a conforman teñen o seu maior expoñente no arroio que desemboca na praia de Río Covo, bañada polas Augas Costeiras de Corme e Laxe (20171).

O PATRIMONIO NATURAL

Vertentes inferiores e cantís incluídos no LIC Costa da Morte e no IBA Costa da Morte. Sector acantilado que suma os hábitats 1230 de cantís costeiros atlánticos, ademais do 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados nalgunhas pequenas plataformas e coidos. No continente dominan o hábitat de mato 4030, breixos secos europeos e o 4040, breixos secos atlánticos costeiros con *Erica vagans*. O arroio dos Prados da Sapeira e Os Outeiros presenta un pequeno sector de hábitats relacionados coa presenza de auga, tanto de prados húmidos, é dicir, con potencialidade para o 6420, Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e o 6430, Megaforbios eutrofos higrófilos; como de bosque ripícola (91E0). Os afloramentos dos Outeiros e dos montes do Canteiro e Facha, permiten a presenza do grupo dos hábitats rochosos do 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta zona de costa está moi exposta ao vento e a influencia do spray mariño polo que as especies vexetais deben adoptar mecanismos de defensa fronte ás condicións ambientais adversas. Esta adaptación é visible na disposición e porte das coberturas; preto da costa dominan as formacións vexetais costeiras de porte baixo e adaptadas aos solos halófilos. Cara ao interior aparecen os monocultivos de eucalipto e piñeiro ocupando aqueles espazos de menor rigor climático e por encima deles, nas zonas máis altas da unidade, aparecen de novo as matogueiras debido á escasa potencia do solo e á maior exposición aos ventos que dificultan o desenvolvemento vertical da flora. Nas valgadas, aproveitando a maior humidade do solo, aparecen pequenas formacións hidromorfas de gran valor ecolóxico.

MORFOLOXÍA

O parcelario está oculto pola vexetación aínda que nos lugares máis próximos á costa, onde a súa porte é menor, é posible distinguir muros de pedra empregados tradicionalmente para delimitar as parcelas dedicadas na súa maioría a pastos para o gando. Na actualidade este tipo de peches artificiais constitúen unha paisaxe de gran valor etnolóxico vestixio dun tempo en que a base económica fundamental de toda a zona dependía da actividade agropecuaria e da dispoñibilidade de solo para desenvólvela. Non existe presenza de asentamentos humanos nin de edificacións illadas asociadas a actividades antrópicas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na unidade non existen estradas asfaltadas, tan só unha serie de pistas que posibilitan o acceso aos espazos dedicados ao monocultivo de especies forestais. Preto do litoral aparece algunha senda empregada por pescadores e excursionistas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro a unidade inclúese un illote costeiro chamado Illa da Estrela que en si mesma constitúe un fito paisaxístico. Nela distínguense os restos da antiga Ermida da Estrela, hoxe en ruínas, xunto á cal aparecen elementos arqueolóxicos de grande interese vinculados á cultura castrexa. Entre eles destacan os restos dun antigo poboado celta e o que parece ser un círculo lítico asociado a antigos rituais practicados polos habitantes dos castros.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha paisaxe na que dominan elementos naturais e ecolóxicos sobre os aspectos humanos xa que a presión antrópica sobre a unidade é moi reducida. Domina unha fronte acantilada na que as ondas baten con forza outorgándolle un carácter agreste e duro. A costa aparece salpicada de rochas soltas pola acción do mar da Costa da Morte moi presente no imaxinario popular e orixe de lendas que falan da vida e a morte ou da coraxe dos marifeiros que se atreven a faenar nel.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Estamos ante o Espazo de Interese Paisaxístico Cantís do Canteiro, espazo costeiro configurado por grandes cantís convexos e sobresalientes pola súa singularidade física, polos seus caracteres xeomorfolóxicos e pola súa incidencia no imaxinario social como escenario da paisaxe litoral de Costa da Morte. O alto valor paisaxístico deste espazo está asociado non só ás calidades intrínsecas da unidade senón tamén á calidade da paisaxe circundante. A presenza da Illa da Estrela xunto aos imponentes cantís que forman a fronte litoral constitúen unha escena paisaxística caracterizada polos seus altos valores de calidade. Este feito referéndase coa súa inclusión no catálogo Rede Natura 2000 e no LIC Costa da Morte. Proponse tres puntos de observación para a escena situados na Illa da Estrela, Punta da Facha e no alto dos Outeiros desde os que é posible observar este fermoso tramo da Costa da Morte e as vilas próximas como Corme.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



